

COMPETICIÓN DE CONTROL DE MARCAS

Tempada 2013 - 2014. Circular 13-16.

1.- ORGANIZACIÓN, DATAS E SEDES.

- 1.1.- A competición de Control de Marcas estrutúrase en tres grupos: o primeiro de 6 clubes, o segundo de 8 clubes e o resto nun terceiro, compostos segundo a clasificación final do Campionato Galego Absoluto de verán da tempada anterior, conforme ao especificado no Anexo I.
- 1.2.- Constará de catro xornadas dunha sesión cada unha que dará comezo as 17,30 horas.
- 1.3.- As sedes poderán ser solicitadas polos clubes participantes en cada grupo.
- 1.4.- Como mínimo dúas antes do inicio de cada sesión a piscina deberá estar á disposición dos nadadores para efectuar o quecemento.
- 1.5.- As datas de celebración serán as que figuran no calendario de natación para a presente tempada.

2.- PROGRAMA DE PROBAS.

1ª XORNADA	2ª XORNADA	3ª XORNADA	4ª XORNADA
1. 400 estilos mas	5. 200 libre mas	15. 50 costas mas	25. 400 libre mas
2. 400 estilos fem	6. 200 libre fem	16. 50 costas fem	26. 400 libre fem
3. 1500 libre mas	7. 50 braza mas	17. 100 bolboreta mas	27. 100 braza mas
4. 800 libre fem	8. 50 braza fem	18. 100 bolboreta fem	28. 100 braza fem
	9. 200 bolboreta mas	19. 200 braza mas	29. 50 bolboreta mas
	10. 200 bolboreta fem	20. 200 braza fem	30. 50 bolboreta fem
	11. 100 costas mas	21. 50 libre mas	31. 200 costas mas
	12. 100 costas fem	22. 50 libre fem	32. 200 costas fem
	13. 100 estilos mas	23. 200 estilos mas	33. 100 libre mas
	14. 100 estilos fem	24. 200 estilos fem	34. 100 libre fem

3.- PARTICIPACIÓN.

3.1.- A presente normativa está destinada ás categorías:

Masculina: Infantil, Júnior e Sénior

Feminina: Infantil, Júnior e Sénior.

3.2.- Non hai limitación no número de probas nas que poida participar un nadador, nin no número de nadadores por clube e proba.

Nas probas de 1500/800 metros, haberá un máximo de 4 series por sede (os 24/32 mellores tempos)

Nas probas de 400 metros, haberá un máximo de 6 series por sede (os 36/48 mellores tempos)

Nas probas de 200, 100 e 50 metros haberá un máximo de 8 series por sede (os 48/64 mellores tempos)

3.3.- Poderán darse ata 5 nadadores de baixa por club en cada xornada. A partir da 6ª, cada baixa terá unha penalización de 5 euros.

4.- INSCRICIÓN.

4.1.- Realizaranse empregando a base de datos (modelo) correspondente á competición de que se trate e remitiranse á FEGAN por correo electrónico (inscripciones@fegan.org). Xunto co devandito ficheiro enviarase, no mesmo correo, a "acta de preinscripción" que o propio programa xera en formato PDF (preferible) ou DOC.

4.2.- As inscricións deberán obrar en poder da FEGAN antes das 20.00 horas do martes anterior á celebración da xornada correspondente, sendo responsabilidade do clube que realiza a inscrición asegurarse da súa recepción.

4.3.- A entidade organizadora remitirá as series á FEGAN e aos clubes participantes antes das 20.00 horas do xoves anterior á celebración da xornada correspondente.

5. FÓRMULA DE COMPETICIÓN.

5.1.- Disputaranse todas as probas contra o reloxo.

5.2.- Non haberá puntuación e polo tanto, non haberá clasificación por clubs.

6.- RESULTADOS.

6.1.- Os resultados de cada sede remitiranse á FEGAN a traveso do correo electrónico resultados@fegan.org e tamén ao correspondente correo electrónico de cada un dos clubs participantes.

7.- RECLAMACIÓNS.

Nas competicións de natación de carácter territorial pero con varias sedes, a Comisión de Competición estará formada por:

- a) O Secretario Xeral da FEGAN
- b) Un representante dos Clubs participantes, elixido por sorteo.
- c) Un representante dos adestradores, elixido por sorteo de entre os pertencentes aos clubs participantes
- d) O Xuíz Árbitro da Competición.
- e) Unha persoa designada pola FEGAN que non coincida coas anteriores.

O sorteo dos compoñentes desta Comisión de Competición, celebrarase ao inicio da tempada, en data e hora que será anunciada con antelación, na sede da FEGAN, e antes do comezo das competicións.

A reclamación presentarase, como máximo, ata 48 horas despois de resolta a reclamación previa presentada ao xuíz da competición.

A reclamación resolverase, por parte da Comisión de Competición, como máximo 48 horas despois de ter coñecemento dela.

RECLAMACIÓNS DE RESULTADOS

Calquera reclamación contra os resultados non se poderá levar a cabo logo de pasadas 48 horas dende a súa publicación definitiva.

ANEXO I.

COMPOSICIÓN DOS GRUPOS TEMPADA 2013-2014		
GRUPO 1	GRUPO 2	GRUPO 3
CN GALAICO	CN RIVEIRA	CN PONTEAREAS
CN PABELLON OURENSE	C DEL MAR	ADN NARON
CN CORUÑA	CN ARTEIXO	CN XOVE
CN FERROL	RCN VIGO	AD FOGAR
CFV LUGO	AD LICEO	CN REDONDELA
CD CIDADE DE SANTIAGO	CN PORTAMIÑÁ LUGO	USC
	CN ARZUA	CN SALNÉS
	C MARINA FERROL	CN MONFORTE
		CN MOS
		CN VILAGARCÍA

A Coruña, 30 de Outubro de 2013

Secretaría Xeral FEGAN